

ORTOGRAFÍA

• ALFABETO

1.- Os nomes das letras teñen xénero masculino: *o gue, o que, o xe, o zeta...*

Os dígrafos representan un único son: *o che, o gue u, o elle, o ene hache, o que u, o erre dobre.*

2.- **k, w, j, y, ç** (*ka, uve dobre, iota, y grego, cedilla*) só se usan en palabras tomadas doutros idiomas: *kantiano, byroniano, wagneriano, Jefferson, Eça de Queiroz*

Obsérvese: *quilo, quilómetro, quilovatio*. (Abreviaturas con **k**)

3.- Exemplos de uso do **h**: *Helena, Henrique, Heladio, hendecasílabo, hedra, hipocrisía, harmonía* (compostos e derivados dos anteriores)

pero: *arpa, orfo, oso, oco, irmán, inchar, ermida, ombreiro, baía, aí.*

4.- Exemplos de uso do **v/b**:

- *baleiro, orballo, bolboreta, móbil, marabilla. pobo, goberno...* (compostos e derivados dos anteriores)

- *avó, avogado, voda, varrer, vasoira, ouvear, esvarar, pavillón, gravar, gravata, vulto, verniz, verza, covarde, esvelto, voitre*

5.- **nh** representa unha consoante nasal velar. Debe manterse unida no final de liña.

6.- **g+a,o,u gu+i,e (gü)** Para a representar a gheada: *gh*

7.- Uso do **x**: *exame, extensión, léxico, téxtil, tórax...*

Obsérvese: *escavadora, estender (extensión), estrañar, estraño, estranxeiro esaxeración, esaxerar, esixir, esixente. (oxíxeno)*

• REGLAS DE ACENTUACIÓN

1.- **AGUDAS** . Ex. : *chofer, chinés*

- Acentúanse as polisílabas rematadas en **-vocal (+n, s, ns)**: *mamá, cafés, algún, peóns.*

- Non levan acento ortográfico:

a) *Monosílabos*: *leis, el, ti.*

b) As rematadas en *ditongo decrecente (+ n, s)*: *papeis, colleu, amei, tomou, pediu, azuis.*

c) As rematadas noutra consoante que non sexa *-n ou -s*: *cantar, nariz, arroz.*

2.- **GRAVES** . Ex. : *atmosfera, biosfera, heroe*

Levan acento ortográfico cando rematan en consoante diferente de **n, s**, ou en grupos consonánticos distintos de **-ns**: *álbum, móbil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter.* (Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*).

Polo tanto: *cantan, cantas, lapis, canons, colons, dolmens.*

3.- **ESDRÚXULAS.**

Todas levan acento ortográfico: *mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite.*

4.- **Ditongo** é a combinación de dúas vogais que forman parte da mesma sílaba. Para que dúas vogais contiguas poidan constituír ditongo débense dar as seguintes condicións:

Unha das vogais debe ser aberta ou media (a, e, o) e a outra fechada (i, u) ou ben as dúas fechadas.

A vogal fechada, ou a segunda cando as dúas o son, non pode ser tónica; no caso de dúas vogais fechadas hai algunhas excepcións con tonicidade na segunda desas vogais: cando van precedidas de consoante velar /k/ ou /g/ (*acuífero, bilingüismo*) e nalgunhas outras palabras (*triunfo...*).

5. Hiato

Cando dúas vogais van xuntas e non cumpren algunha das condicións anteriores prodúcese un **hiato**, e polo tanto forman sílabas diferentes. Tendo isto en conta existe ditongo en *cantou, ciencia, puido, puideron, abriu*, lingüístico; pola contra non forman ditongo senón hiato *doa, lúa, muíño, ruído*.

A existencia de ditongo ou hiato reflíctese nas normas ortográficas:

- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente non levan acento gráfico: *colleu, abriu, amou...*
- Acentúanse as agudas rematadas en ditongo crecente, seguido ou non de -n ou -s: *avión, anciá, anciáns...*

Independentemente das regras anteriores, levan acento ortográfico as vogais *i, u* tónicas cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais non forman ditongo: *aínda, baúl, caída, Coímbra, egoísmo, miúdo, raíña, raíz, ruído, saía, súa, traía, túa, xuízo...* (i, u non se acentúan cando entre elas e a átona aparece un h: prohibes)

5.- **Estranxeirismos e latinismos**: seguen as normas anteriores.

6.- OBSERVACIÓNS.

6.1.- As **maiúsculas** levan acento ortográfico.

6.2.- Non levan acento ortográfico os **adverbios acabados en -mente, os demostrativos, o numeral un**.

6.3.- Tampouco o levan os **interrogativos e exclamativos**: *Como lle vai? Onde estás? Preguntoulle cal quería*. Só se acentúan para evitar posibles anfiboloxías: *dille que queres // dille qué queres*.

6.4.- O pronome posposto ao verbo conta como unha sílaba máis, pero mantense o acento diacrítico: *cóntallo, éme igual, dálle*.

Acentos **DIACRÍTICOS**.

á (a +a, substantivo)	a (artigo, pronome, preposición)
ás (a +as, substantivo)	as (artigo , pronome)
bóla (esfera)	bola (peza de pan)
cá (ca + a)	ca (conxunción)
cás (ca + as)	cas (presposición)
Chá (plana)	cha (che + a)
chás (planas)	chas (che + as)
có (ca + o)	co (con + o)
cós (ca + os, substantivo)	cos (con + os)
cómpre (é mester)	compre (merque)
cómpren (son mester)	compren (merquen)
dá verbo (<i>dar</i>)	da (de + a)
dás verbo (<i>dar</i>)	das (de + as)
dó (compaixón)	do (de + o)
é (verbo <i>ser</i>)	e (conxunción)
fóra (adverbio)	fora (verbos <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má (ruín)	ma (me + a)
más (ruíns)	mas (me + as)
máis (adverbio)	mais (conxunción)
nó (substantivo)	no (en + o)
nós (pronome tónico, substantivo)	nos (pronome átono, en +os)
ó (ao)	o (artigo, pronome)
ós (aos)	os (artigo, pronome)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
póla (rama)	pola (galiña, por + a)
pór (poner)	por (preposición)
présa (apuro)	presa (prendida, presada)
sé (verbo <i>ser</i> , sede eclesiástica)	se (conxunción, pronome)
só (adxectivo e adverbio)	so (preposición)
té (infusión)	te (letra, pronome)
ván (presente de <i>vir</i>)	ven (presente de <i>ver</i> , imperativo de <i>vir</i>)
vés (presente de <i>vir</i>)	ves (presente de <i>ver</i>)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)